

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e catro minutos do día vinte e cinco de novembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión o interventor accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE NOVEMBRO DE 2025 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 20 DE NOVEMBRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2025 e á sesión extraordinaria do día 20 de novembro de 2025, das que se entregaron copias coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2025 e á sesión extraordinaria do día 20 de novembro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto das bases reguladoras do programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña durante o ano 2026 (FO223/2026). BOP número 214, de 07-11-2025.
- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto das bases reguladoras do programa de subvencións ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña, de concellos de menos de 50.000 habitantes para a realización de investimentos no ano 2026 (DP0033/2026). BOP número 216, de 11-11-2025.
- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto das bases reguladoras do programa de subvencións ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña, de concellos de menos de 50.000 habitantes para a realización de actividades durante o ano 2026 (DP0032/2026). BOP número 216, de 11-11-2025.
- Consellería de Sanidade, Orde de 13 de novembro de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a cofinanciación de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria (código de procedemento SA463G). DOG número 226, de 21-11-2025.
- Secretaría de Estado de Función Pública, Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, Resolución de 18 de novembro de 2025, pola que se establece a efectos de cómputo de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2026. BOE número 282, de 24-11-2025.
- Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma. Deputación provincial da Coruña, anuncio da aprobación da primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 para o financiamento dos gastos correntes dos concellos ou para a minorización da débeda dos concellos coa deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de Aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e do POS+2017 a 2023. BOP número 226, de 25-11-2025.
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Orde de 14 de novembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). DOG número 228, de 25-11-2025.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA RESPECTO DO “SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE CAMBRE (2021-2022)”. EXPEDIENTE NÚMERO 2020/C004/00021

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 20 de novembro de 2025 (CVD: zO5GCcfn0zKqki1IK2tt), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 15 de xuño de 2021, adoptou, entre outro, o acordo de adxudicar o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, a prol da entidade “3C Calidad y Control, Sociedad Cooperativa Galega”, no prezo anual ofertado en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes de 13.009,04 euros sen IVE, 15.740,94 euros IVE incluído e unha porcentaxe de baixa global ofertada sobre os prezos unitarios do Anexo I do PPT do 24,10 %”. Expte: 2020/C004/000021.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade EL BANCO DE SABADELL, S.A. de data 18 de maio de 2021 por importe de 2.029,00 € (inscrito no rexistro especial de avais con número 10001209242), depositada na Tesourería municipal con data de 21 de maio de 2021 (núm. de rexistro 998).

Visto o escrito presentado por Dona Ana María Romero Martínez, segundo di, en representación da empresa “3C CALIDAD Y CONTROL S. COOP. GALEGA.”, con data 16.09.2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900005757), no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino, David Fraga Germade, en data 8 de outubro de 2025, (CVD: ijtgBSD910FMIS0dX6r1) no que entre outras cousas di:

“(…)

INFORME

En relación coa devolución do aval constituído por 3C CALIDAD Y CONTROL S. COOP. GALEGA, para garantir a correcta execución do contrato do servizo de “Control de calidade de las obras promovidas por el Ayuntamiento de Cambre (2021-2022)”, e tendo transcorrido o prazo dun ano de garantía, o técnico que subscribe emite o presente informe técnico con base no disposto nos artigos 102, 222.3 y 235 do TRLCSP e Disposición transitoria 1ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, facendo constar o seguinte:

1. O técnico informante, deixa constancia de que non participou en ningunha fase de este contrato, por ser anterior á toma de posesión do cargo como Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino. O presente informe emítese tras a revisión completa e exhaustiva do expediente administrativo, que comprende o contrato formalizado, os pregos de cláusulas administrativas e técnicas, informes finais e demais documentación incorporada polos servizos técnicos e administrativos municipais.

2. Unha vez finalizado o prazo de garantía establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Excmo. Concello de Cambre á empresa adxudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes.

3. Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 2.029,00 € (DOUS MIL VINTE E NOVE EUROS)

“(…)”.

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR DEVOLUCIÓN GARANTIA SERVICIO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE CAMBRE (2021-2022)** de carácter favorable emitido polo Interventor Municipal accidental, don Fernando Manuel Negreira Garrido de data 20 de novembro de 2025, (CVD: 9sbqpa8q2O9kmHjBjLnP), no que entre outras cousas di:

“(…)

III) CONSIDERACIONES

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”*

Segunda: O prazo de garantía

O artigo 111.1 LCSP determina que: *“La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista”*

A cláusula 27 do PCA (CVD: xYqTy0vcsNNaPf0sdyL1) dispón que:

“27. RECEPCIÓN Y PLAZO DE GARANTÍA.

El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación que comprende, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del contrato. Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna quedará extinguida la responsabilidad del contratista. Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista la recuperación del precio satisfecho.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada. Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva.

Terceira: O informe favorable á devolución asinado o 8.10.2025 (CVD: ijtgBSD910FMIS0dX6r1) polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal:

“(../...)1. O técnico informante, deixa constancia de que non participou en ningunha fase de este contrato, por ser anterior á toma de posesión do cargo como Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal interino. O presente informe emítese tras a revisión completa e exhaustiva do expediente administrativo, que comprende o contrato formalizado, os pregos de cláusulas administrativas e técnicas, informes finais e demais documentación incorporada polos servizos técnicos e administrativos municipais.

2. Unha vez finalizado o prazo de garantía establecido no contrato, non consta no expediente ningunha documentación nin reclamación formulada polo Excmo. Concello de Cambre á empresa adxudicataria, nin se detectaron incidencias técnicas ou contractuais que poidan derivar en responsabilidades pendentes.

3. Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 2.029,00 € (DOUS MIL VINTE E NOVE EUROS). (../...)”

Cuarta: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

IV) CONCLUSIONS

Infórmase **favorablemente** a devolución de la garantía depositada por “3C CALIDAD Y CONTROL S. COOP. GALEGA” por importe de **2.029,00 €** correspondente ao contrato do servizo de “Control de calidad de las obras promovidas por el Ayuntamiento de Cambre (2021-2022)”, expediente tedec número 2020/C004/000021.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(../...)”.

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía relacionada na parte expositiva deste acordo, constituída pola entidade “3C Calidad y Control, Sociedad Cooperativa Galega”, con CIF F70380167, por importe de 2.029,00 euros no expediente número 2020/C004/00021, para o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 20 de novembro de 2025 (CVD: zO5GCcfn0zKqki1IK2tt), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende as 15,30 horas do día 13 ao 20 de novembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1105/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude núm. 1136/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1105/2025	14-11-2025	Aprobar a nómina de atrasos (produtividade do segundo trimestre de 2025) cun importe total retribucións brutas 42.934,65
1106/2025	14-11-2025	Autorizar á entidade “Ancaria SL” concesionaria do Consorcio das Mariñas a ocupar o próximo domingo 16 de novembro de 2025, entre as 11:00h e as 14:00h o espazo situado no Campo da Feira (Cambre) co obxecto de colocar dúas carpas informativas 3x3 tipo jaima para o seu uso como postos informativos de forma gratuíta á cidadanía
1107/2025	14-11-2025	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por CFP para a execución dunha acometida á rede pública de abastecemento de auga na vivenda unifamiliar sita no lugar da Pena da Nosa Señora, parroquia de Cambre, toda vez que segundo o informe emitido con data do 7 de novembro de 2025 por Augaservi, SL, tal

		acometida non tería continuidade e só abastecería á citada vivenda
1108/2025	14-11-2025	Comparecer no procedemento ordinario nº 0000834/2024 presentou demanda de reclamación de cantidade fronte a Jardincelas S.L., Concello de Cambre, ADM Concursal Jardincelas-José Canalejas Cruceiro, perante o Xulgado do Social número 4 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1109/2025	14-11-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 22.05.2025, tendo en conta informe do coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 07.11.2025. Aprobar as facturas por un importe total de 9.028,96 euros
1110/2025	13-11-2025	Rectificar o punto primeiro da parte dispositiva da Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo número 943/2025, do 05 de outubro
1111/2025	17-11-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 18 de novembro de 2025, ás 10.00 horas
1112/2025	17-11-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 20 de novembro de 2025, ás 11:00 horas
1113/2025	17-11-2025	Comparecer no procedemento ordinario 0000238/2025, demanda procedemento ordinario nº 0000238/2025 de Junta de Compensación N-VI contra o Concello de Cambre, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica da Excma. Deputación da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1114/2025	17-11-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 15/12/2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 18/12/2024 e vista a dilixencia asinada polo interventor accidental en data 13/11/2025 en canto á existencia de crédito. Outorgar á asociación Sementeira Cambre unha subvención por importe de 62.999,41 euros. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación Sementeira Cambre para a promoción musical do ano 2024
1115/2025	18-11-2025	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para para a elaboración de relación de candidatos/as para nomeamentos de técnicos/as de Administración Xeral interinos/as, encadrados/as na escala de Administración Xeral, subescala técnica, pertencentes ao subgrupo "A1. Aprobar a designación dos membros integrantes do tribunal

		cualificador. Convocar aos membros do tribunal cualificador para o vindeiro 10 de decembro ás 9:00 horas para a constitución do mesmo e preparación do primeiro exercicio da fase de oposición Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Cambre, e convocar aos/ás aspirantes admitidos/as, en chamamento único, para a realización do primeiro exercicio o mesmo día ás 16:30 no mesmo lugar
1116/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 262/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1117/2025	18-11-2025	Acceder ao solicitado e remitirle a MDPL a copia da información solicitada o día 12 de novembro de 2025 respecto dos contratos menores
1118/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 252/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1119/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 250/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1120/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 247/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988

1121/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 243/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1122/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 248/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1123/2025	18-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 249/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1124/2025	18-11-2025	Corrixir os erros materiais na resolución da Alcaldía do 30 de xullo de 2025 pola que se aproba a nómina do mes de xullo de 2025 no que a asistencias a políticos e produtividade se refire
1125/2025	19-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 268/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1126/2025	19-11-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
1127/2025	19-11-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de novembro de 2025
1128/2025	19-11-2025	*Erro. Non contén decreto
1129/2025	19-11-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 12/11/2025, xa que, segundo o

		disposto no artigo 22.1 da ordenanza reguladora, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JEdeFA
1130/2025	19-11-2025	Considerar desistida a AEV da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 23/02/2023 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1131/2025	19-11-2025	Comparecer no procedemento abreviado 267/2025, demanda interpuesta por la representación procesal de Os Ventos Innovacion en Servizos, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1132/2025	19-11-2025	Delegar no concelleiro don Rubén Vázquez Pérez a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de AMLV e PMC
1133/2025	19-11-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: HCR
1134/2025	19-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de agosto de 2025 por importe de 48.505,16 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento
1135/2025	20-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de outubro de 2025 por importe de 47.597,12 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento
1136/2025	20-11-2025	Solicitar unha subvención á Deputación provincial da Coruña para o evento de arte urbana, na modalidade de pintura mural, Cromático Mural Fest 2026. Aprobar a memoria explicativa sobre o festival Cromático Mural Fest 2026. Solicitar unha subvención por importe de 35.000,00 € que é o importe máximo que se pode solicitar

5- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS



Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e doce minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo